

Un xoves máis os nosos sabios xuntáronse a debatir, falar e compartir opinións sobre unha das lecturas elixidas. Esta vez foi o turno da literatura rusa, adentrándonos así no mundo de Leon Tolstoi, referente sen dúbida da literatura universal, e a obra seleccionado foi nesta ocasión a unha novela curta, *A Morte de Ivan Illich* (1886)

Quizáis para un dos nosos faladoiros se nos escapaba por tempo unha lectura máis profunda da súa famosa *Ana Karenina* ou da recoñecida *Guerra e Paz*, mais dende aquí tamén vos animamos a dedicar uns días a estas obras mestras.

OBRA E AUTOR : A morte de Ivan Illich, Leon Tolstoi



DE QUE VAI : A obra narra a vida de Ivan Illich, o seu crecemento social e a súa decadencia a raíz dunha enfermidade, ata a súa morte.

TÍTULO : O título é moi adecuado ó contido do libro mais é ben curioso que para os nosos sabios e sabias a escolla do mesmo é un recurso para poder falar tamén sobre a vida de Iván Illich. Son precisamente a vida e a morte dous dos temas principais.

ESTRUTURA

: Coinciden aquí os sabios e sabias en definir a estrutura da obra como sinxela e lineal. Mediante a técnica de analepse, Tolstoi comeza narrando a noticia da morte de Ivan Illich para pasar de seguido a contarnos a vida do mesmo.

ARGUMENTO

Ivan Illich, un burócrata que foi educado e medrou coa convicción de poder ter un posto digno dentro do goberno ruso. Así o irá conseguindo, máis darase conta de que todo o seu esforzo, todo o que sempre ansiou non teñen valor nin significado ningún. Ivan Illich morrerá pouco a pouco, pasando por distinta etapas ata rematar na aceptación do inevitable, e na súa agonía, plantexarase dúbidas e o por que da súa morte, o por que da súa soidade, o por que da súa vida e da súa existencia. Un personaxe que a pesar de intentar conseguir todo o que sempre desexou, ou se esperaba que desexara, en ningún momento o longo da obra podemos definilo como feliz. Mais se pode chegar a conclusión de que o noso Ivan Illich aceptou a vida tal e como lle veu, sen cuestionarse nada ata o momento final.

CONCLUSIÓN

Malia a súa extensión, esta obra está escrita de tal forma que se nos mostran outros temas como o tratamento da muller no século XIX, unha moi forte crítica social ou a percepción e a forma de enfrontarse a enfermidade dende a mentira e a ocultación.

Precisamente en relación a esta crítica da sociedade rusa que fai Tolstoi, gustaríanos despedirnos en esta ocasión con unha frase que un dos nosos sabios trouxo, moi ben acaída, durante a nosa reunión literaria: "A sociedade fabrica os seus propios monstros".

En resumo, lectura sinxela e amena, moi rica en contido que gustou os nosos sabios e sabias.